



CONSEJO DE GOBIERNO

Sesión ordinaria


Vigo, 2 de marzo de 2023




Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2023.



Informe do reitor.



Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2023/2024.



Aprobación, se procede, do Regulamento de funcionamento da Planta piloto de industrias agroalimentarias do campus de Ourense.

Planta piloto de industrias agroalimentarias do campus de Ourense

Necesidade de establecer un protocolo ou un regulamento de uso.

Aprobación pola Comisión de investigación o 26/1/2023

Revisión pola Asesoría Xurídica



Artigo 1.- Sobre as prioridades de uso.

Prioridade para a docencia.

Artigo 2.- Sobre o uso para actividades docentes.

Calendario de uso docente a custo 0 e reserva no LIMS.

Artigo 3.- Sobre o uso para actividades de investigación e de transferencia.

Horas restantes da docencia con asignación no LIMS.

Artigo 4.- Sobre a condición de persoa usuaria.

Rexistro das persoas usuarias a través do LIMS.

Artigo 5.- Sobre o uso por outras persoas interesadas.

Aberto tamén a empresas ou a outras entidades interesadas.

Artigo 6.- Sobre os recursos humanos e materiais.

Gastos de material funxible asumidos por unidades docentes ou por persoal investigador.

Persoal técnico, segundo a dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 7.- Sobre a Comisión de funcionamento.



Vicerreitora do Campus Ourense, decano da Facultade de Ciencias, PDI da titulación de Ciencia e Tecnoloxía de alimentos, director do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación e outra persoa do instituto, un representante do PAS (secretaría)

Artigo 8.- Sobre as competencias da Comisión de funcionamento.

Aprobar un regulamento de réxime interno para atender as demandas e propoñer modificacións.

Artigo 9.- Entrada en vigor.

Tras a súa aprobación e publicación.



Aprobación, se procede, da modificación da
Comisión do CACTI.

Dirección: Sandra Bolaño García.
Profesora titular do Departamento de Química Inorgánica

PDI usuario do CACTI:

- 1) Isabel Pastoriza Santos
Prof. titular do Departamento de Química Física
- 2) Pedro Besada Pereira
Prof. titular do Departamento de Química Orgánica
- 3) Ezequiel M. Vázquez López
Catedrático do Departamento de Química Inorgánica
- 4) María Teresa Rivas Brea
Prof. titular do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente
- 5) Alejandro Pereira Domínguez
Prof. titular do Departamento de Deseño na Enxeñaría
- 6) Herminia Domínguez González
Catedrática do Departamento de Enxeñaría Química (Ourense)
- 7) Diana Valverde Pérez
Catedrática do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía
- 8) Stefano Chiussi
Prof. titular do Departamento de Física Aplicada

Aprobación pola Comisión de investigación o 16/2/2023
Composición acorde ao Regulamento de réxime interno


Personal de administración e servizos

- 1) Cristina Pérez Novo
Servizo de Seguridade Alimentaria (Ourense)
- 2) Carmen Serra Rodríguez
Xefa do Servizo de Nanotecnoloxía e Análise de Superficies
- 3) Antonio Souto Casas
Técnico do Taller de Mecanizado

Estudantado

(polo menos de segundo e terceiro ciclo e usuarios do CACTI):

- 1) Mónica Martínez Estévez
Estudante de doutoramento
- 2) Nuria Mouronte Baltar
Estudante de doutoramento
- 3) Irene Sánchez Sanz
Estudante de doutoramento



Aprobación, se procede, do cambio de denominación do centro CINBIO




CINBIO

Centro de INvestigación en Nanomateriais e BIOmedicina

Aprobado polo Consello reitor de centros o 9/2/2023


UniversidadeVigo



Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de grupos, agrupacións e centros de investigación da Universidade de Vigo.

- Elimínouse a parte correspondente ás agrupacións.
- Cambiouse a constitución do consello reitor: o xerente/a substitúe o vicerreitor de Economía e inclúese o director/a do centro.
- Cambiáronse nos anexos os novos centros e a denominación do CINBIO aprobada no último consello Reitor.

Aprobación pola Comisión de investigación o 16/2/2023.



Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de área de coñecemento de Juan Antonio Añel Cabanelas.

Informe desfavorable da COAP do 23 de febreiro

- Normativa para o cambio de área de coñecemento do PDI funcionario e do PDI contratado con vinculación permanente (CG 22/11/2010):
- Solicitude:
 - Período mínimo de tres anos prestando servizo na Universidade de Vigo.
 - Currículum vitae.
 - Informes dos consellos de departamento implicados.

➤ COAP

- Estudo da solicitude.
- Se se considera oportuno, solicitude de informes de especialistas alleos aos departamentos afectados.
- Presentación de proposta ao Consello de Goberno.
 - Adecuación curricular.
 - Conveniencia e oportunidade de cambio en atención ás necesidades docentes.
 - Estrutura e perfil docente do cadro de persoal de profesorado.
 - Análise da repercusión no POD.
 - O cambio de adscrición non poderá implicar a contratación de novo profesorado nin xerar desequilibrios entre campus.

Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de área de coñecemento de
Juan Antonio Añel Cabanelas

➤ Solicitude

- Necesidade de adaptación do posto de traballo.
- Aumento das necesidades de conciliación.
- Informe de idoneidade para materias da Área de Química Física no campus de Ourense.
- Desde a vicerreitoría solicítanse os informes aos departamentos implicados.

➤ Estado actual:

- Praza no campus de Vigo.
- Adaptación do posto de traballo. Recomendación, de maneira temporal, que o traballador desenvolva a totalidade da súa actividade docente no seu lugar de residencia ou ben que desenvolva a dita actividade en remoto (revisión do informe de febreiro 2023).
- Imparte materia de forma presencial, mediante a adaptación de horarios. Non hai posibilidade de desenvolver docencia de forma remota.

- Informe do Departamento de Física Aplicada:
 - Encargo docente total: 41 75 horas.
 - Capacidade docente real do persoal adscrito aos campus de Vigo e de Pontevedra: 41 75 horas (incluído todo o persoal con capacidade docente).
 - Encargo docente do solicitante: 74,50 horas.
 - O cambio de área de coñecemento implicaría a necesidade de contratación polo que a solicitude non é conforme á normativa.
 - Proposta: cambio de destino da praza do solicitante ao campus de Ourense, acompañada da correspondente creación no campus de Vigo dunha nova praza docente para cubrir a capacidade docente vacante xerada por este eventual cambio.

Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de área de coñecemento de
Juan Antonio Añel Cabanelas

- Informe do Departamento de Química Física:
 - Informe desfavorable.
 - O currículum vitae non xustifica o cambio de área.
 - A motivación semella estar máis asociada a un cambio de campus (que se pode realizar dentro da súa área actual) que a un cambio de área.

Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de área de coñecemento de Juan Antonio Añel Cabanelas

Unidade docente T08-A0398-V


DEPARTAMENTO: FÍSICA APLICADA

ÁREA: FÍSICA DA TERRA

CAMPUS: VIGO

CURSO ACADÉMICO: 2022-23

Situación actual en base ao encargo docente, á capacidade docente de todo o persoal e aos recoñecementos



Acrónimos:

- PDI-P: Persoal docente e investigador permanente.
- PDI-T: Persoal docente e investigador temporal.
- PI: Persoal investigador.
- RAGR: Recoñecementos por actividades de goberno e representación.

Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de área de coñecemento de Juan Antonio Añel Cabanelas

Unidade docente C11-A0755-V


DEPARTAMENTO: QUÍMICA FÍSICA


ÁREA: QUÍMICA FÍSICA

CAMPUS: VIGO

CURSO ACADÉMICO: 2022-23

Situación actual en base ao encargo docente, a capacidade docente de todo o persoal e aos recoñecementos





Aprobación, se procede, da modificación do Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo.

Aprobación, se procede, da modificación do Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo.

Aprobado na mesa de negociación do 17 de febreiro. Informe favorable da COAP do 23 de febreiro.

- Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo
 - Aprobado polo Consello de Goberno o 20 de marzo de 2019.
 - Regular os criterios que determinen a orde de saída a concurso das prazas destinadas a acceder ao funcionariado nos corpos docentes da Universidade:
 - 1. Promoción de TU a CU que cumpran os requisitos indicados no artigo 62.2 da LOU.
 - Artigo 62.2: As universidades poderán convocar prazas de promoción interna, que estean dotadas no estado de gastos do seu orzamento, para o acceso ao corpo de catedráticos e catedráticas de universidade.

Aprobación, se procede, da modificación do Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo.

- Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo
 - Artigo 62.2: Convocaranse para o funcionariado de carreira do corpo de profesorado titular de universidade ou ao da escala de investigadores/as científicos dos organismos públicos de investigación, que prestaran, como mínimo, dous anos de servizos efectivos baixo a dita condición.
 - 2. Promoción de TUI, PCD, AXD a TU que estean acreditados.
- Obxectivo:
 - O profesorado acreditado debe ter dereito a coñecer cando poderá facer efectivo o seu dereito á promoción, mediante o establecemento dunha orde de prelación fixa de cara ás sucesivas convocatorias, que resulte da aplicación dun criterio claro e obxectivo.

Aprobación, se procede, da modificación do Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo.

IV. MEDIDAS PREVISTAS:

1. De acordo cos principios anteriores, establécese como procedemento para articular o dereito á promoción do profesorado a tempo completo a prazas de funcionariado nos corpos docentes universitarios, a elaboración de senllas listaxes de acreditados/as, que se farán públicas e nas que se incluírá o profesorado que se atope na situación de promocionar segundo cada un dos dous casos indicados no punto anterior e solicite estar incluído nestas listaxes.



Aprobación, se procede, da modificación do Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo.

IV. MEDIDAS PREVISTAS E CRONOGRAMA DE IMPLANTACIÓN.

1. Considerando os principios anteriores, establecece como procedemento para articular o dereito á promoción do profesorado a tempo completo a prazas de funcionarios nos corpos docentes universitarios a elaboración de senllas listaxes de acreditados, que se farán públicas, nas que se incluírá o profesorado que solicite estar incluído nestas listaxes, indicando se cumpren ou non os requisitos de promoción indicados na lei.

➤ Exemplo:

Aprobación, se procede, da modificación do Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo.

ORD	DNI	DNI	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	ÁREA	DPTC	CAMPU	ACREDITACI
1	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	Mais antiga
2	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
3	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
4	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
5	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
6	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
7	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
8	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
9	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
10	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
11	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
12	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
13	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
14	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
15	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
16	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
17	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
18	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	
19	xxxxx	xxx	xxxx	xxxx	xxxxx	xxx	xxxxx	xxxx	Mais recente

Pendente de cumprir o requisito para participar nas prazas de promoción interna no momento da convocatoria

Aprobación, se procede, da modificación do Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo.

Se se convocan 10 prazas:

ORD	DNI	DNI	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	ÁREA	DPTC	CAMPU	ACREDITACI
1	XXXXX	XXX	XXXX	XXXX	XXXXX	XXX	XXXXX	XXXX	Mais antiga
2	XXXXX	XXX	XXXX	XXXX	XXXXX	XXX	XXXXX	XXXX	
3	XXXXX	XXX	XXXX	XXXX	XXXXX	XXX	XXXXX	XXXX	
4	XXXXX	XXX	XXXX	XXXX	XXXXX	XXX	XXXXX	XXXX	
5	XXXXX	XXX	XXXX	XXXX	XXXXX	XXX	XXXXX	XXXX	
6	XXXXX	XXX	XXXX	XXXX	XXXXX	XXX	XXXXX	XXXX	
7 (10)	XXXXX	XXX	XXXX	XXXX	XXXXX	XXX	XXXXX	XXXX	
8 (11)	XXXXX	XXX	XXXX	XXXX	XXXXX	XXX	XXXXX	XXXX	
9 (19)	XXXXX	XXX	XXXX	XXXX	XXXXX	XXX	XXXXX	XXXX	Mais recente
	Pendente de cumprir o requisito para participar nas prazas de promoción interna no momento da convocatoria								

Aprobación, se procede, da modificación do Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo.


4. As listaxes de acreditados/as actualizaranse anualmente. Para iso, a Universidade de Vigo establecerá unha convocatoria anual na que o profesorado que se atope en situación de promocionar segundo os casos considerados no apartado II e non estea incluído xa na listaxe, poderá solicitar a súa incorporación a esta. Unha vez finalizada a dita convocatoria, as persoas solicitantes incluíranse ao final da listaxe correspondente, ordenadas segundo os criterios definidos no punto 2 do presente apartado. O profesorado incluído nas listaxes de acreditados/as poderá solicitar ser eliminado destas en calquera momento.



Aprobación, se procede, da modificación do Plan de promoción a profesorado titular e catedrático na Universidade de Vigo.

4. As listaxes de acreditados/as actualizaranse dúas veces cada ano (preferentemente en xullo e en decembro); incorporárase nelas o profesorado que solicite estar incluído nestas listaxes. O profesorado que non estea incluído nelas, poderá solicitar a súa incorporación. Nestas listaxes indicárase se as persoas solicitantes cumpren ou non os requisitos de promoción indicados na lei .

Para iso, a Universidade de Vigo establecerá, se é preciso, dúas convocatorias anuais. Unha vez finalizadas as ditas convocatorias, as persoas solicitantes incluíranse na listaxe correspondente, ordenadas segundo os criterios definidos no punto 2 do presente apartado. O profesorado incluído nas listaxes de acreditados/as poderá solicitar ser eliminado destas en calquera momento.





Aprobación, se procede, da convocatoria do Plan de promoción do profesorado asociado acreditado para o curso 2023/2024.

Aprobación, se procede, da convocatoria do Plan de promoción do profesorado asociado acreditado para o curso 2023/2024.

Aprobado na mesa de negociación do 17 de febreiro. Informe favorable da COAP do 23 febreiro.

- Manter a mesma convocatoria que para o curso 2022/2023.
 - Prazas para crear: cinco (o mesmo número que no curso 2022/2023).



Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de dedicación e de recoñecementos docentes do profesorado.

Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de dedicación e de recoñecementos docentes do profesorado.

Aprobado na mesa de negociación do 17 de febreiro Informe favorable da COAP do 23 febreiro

➤ Cargos académicos

Este recoñecemento non lles será de aplicación aos coordinadores/as de títulos que non teñan alumnado de nova matrícula, nin aos de mestrados sen repercusión no POD, a non ser que a CAM acorde renunciar ao 10 % do orzamento do mestrado (correspondente aos gastos de coordinación).


R.1. Cargos Académicos	R.1.1	Reitor/a, vicerreitor/a con dedicación exclusiva	100%
	R.1.2	Vicerreitor/a sen dedicación exclusiva, secretario/a xeral, valedor/a universitario.	75%
	R.1.3	Adxunto/a ao reitor/a, delegado/a na CiUG	62.5%
	R.1.4	Decano/a e director/a	50%
	R.1.5	Director/a de área e de centros de investigación interuniversitarios	37.5%
	R.1.6	Director/a de institutos universitarios	25%
	R.1.7	Director/a de departamento, coordinador/a xeral do PUM	18.75%
	R.1.8	Vicedecano/a, subdirector/a e secretaria/o de centros	18.75%
	R.1.9	Secretaria/o, subdirector/a, xefe/a de sección de departamentos, institutos universitarios, centros de investigación e agrupacións estratéxicas (interuniversitarios)	12.5%
	R.1.10	Coordinador/a de grao, de mestrado ¹ e de campus do PUM	12.5%

Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de dedicación e de recoñecementos docentes do profesorado.

➤ Representación da UVigo e outros

📄 Debe acreditarse mediante un nomeamento do reitor no que figure explicitamente o recoñecemento da actividade no POD. En todo caso estarán excluídas aquelas actividades que supoñan unha remuneración que vaia máis aló da cobertura de gastos (axudas de custo).

R.2. Representación da UVigo e outros	R.2.1	Colaborador/a científico	25%
	R.2.2	Membro da comisión de acreditación ou de avaliación (CER,CEI) ANECA/comité de asesoramento da CNEAI	18.75%
	R.2.3	Xestor/a de programas e de áreas de investigación Autónomicas	18.75%
	R.2.4	Delegada/o da UVigo nos centros adscritos	12.5%
	R.2.5	Representante da UVigo noutras institucións ¹	9.4%
	R.2.6	Representación sindical (segundo o acordado)	



Aprobación, se procede, da modificación das normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo.

Aprobación, se procede, da modificación das normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo.

Aprobado na mesa de negociación do 17 de febreiro. Informe favorable da COAP do 23 de febreiro.

- Substituír en todo o documento “profesorado contratado interino de substitución” por “profesorado contratado de substitución”.
- Criterios e procedemento de elaboración do POD polos departamentos:
 - Evitar, na medida do posible, o excesivo fraccionamento inxustificado das materias entre varios profesores/as.
 - Minimizar o número de materias distintas asignadas a cada profesor/a.
 - Procurar o equilibrio na repartición das tarefas docentes entre o profesorado, en función da súa dedicación docente evitando, na medida do posible, a concentración da docencia nun cuatrimestre.
 - Ter en conta as áreas de coñecemento do profesorado como criterio de especialización deste.

Aprobación, se procede, da modificación das normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo.

➤ Cobertura de docencia vacante:

- a) Asignación de docencia a profesorado que dispoña de folgura na súa capacidade docente, incluída a xerada polas materias que non teña estudantado matriculado.
- b) Asignación de docencia a profesorado permanente que, de forma voluntaria, acepte a dita asignación condicionada ao seu recoñecemento no vindeiro curso académico.
- c) Asignación de docencia ao persoal investigador posdoutoral, sempre que a súa convocatoria o permita e segundo o recollido no anexo II.
- d) Aplicación da mobilidade entre campus, nos termos do anexo III.
- e) Solicitud de incremento da dedicación do profesorado a tempo parcial.

Aprobación, se procede, da modificación das normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo.

➤ Cobertura da docencia vacante:

- f) Solicitud de contratación de novo profesorado utilizando algunha das seguintes categorías:
 - Profesorado asociado.
 - Profesorado visitante.
 - Lectorados.

- g) Solicitud de contratación de profesorado de substitución, cando se dean as condicións recollidas no anexo IV.

Aprobación, se procede, da modificación das normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo.

➤ Vixencia da asignación docente:

- Unha vez rematado cada cuadrimestre, unicamente se lle certificará ao PDI a docencia que conste no POD. Calquera cambio neste debe realizarse antes da emisión automática dos certificados de docencia impartida, que para o primeiro cuadrimestre ten lugar a partir do 30 de decembro e, para o segundo, do 1 de xuño¹.


¹Estas datas son orientativas e poden variar lixeiramente entre os cursos. Poden consultarse actualizadas na secretaría virtual.

Aprobación, se procede, da modificación das normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo.

- Anexo II: incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación
 - A posibilidade de participación en tarefas docentes rexirase polo tipo de contrato e pola figura ao que estea adscrita.
 - A solicitude de colaboración realizarase obrigatoriamente no momento da elaboración do POD por parte do departamento ou no prazo comprendido entre o 20 de decembro de 2023 e o 19 de xaneiro de 2024.
 - O persoal investigador predoutoral non poderá, en ningún caso, ter asignadas horas de docencia en prácticas externas ou en prácticum, nin asinar actas ou formar parte dos tribunais dos TFG, aínda que si poderá cotitorizar TFG e TFM.
 - Elimínase par o persoal predoutoral: esta simultaneidade realizarase, de forma preferente, co director/a da súa tese de doutoramento.

Aprobación, se procede, da modificación das normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo.

- Anexo II: incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación
 - A incorporación do persoal investigador posdoutoral á docencia realizarase nas mesmas condicións ca a do profesorado, podendo asumir docencia en calquera dos campus. Non obstante e de xeito excepcional, este persoal poderá complementar a docencia doutro profesorado, simultaneando a docencia presencial, cando non exista docencia vacante en ningún dos campus nos que o departamento teña docencia asignada. Esta situación deberá informarse favorablemente pola dirección dos centros e autorizada pola vicerreitoría con competencias.
 - O persoal contratado na modalidade de investigador/a distinguido terá que cumprir coas obrigas docentes indicadas no seu contrato laboral ou na convocatoria correspondente. Non obstante, poderá solicitarlle ao seu departamento o aumento da súa participación nas tarefas docentes ata un total de 100 horas anuais.



Aprobación, se procede, da modificación do anexo I da normativa de titorías referida ás horas de docencia e de titoría das figuras investigadoras.

Aprobación, se procede, da modificación do anexo I da normativa de titorías referida ás horas de docencia e de titoría das figuras investigadoras.



Aprobado na mesa de negociación do 17 de febreiro. Informe favorable da COAP do 23 de febreiro.

➤ Investigadores/as

INVESTIGADOR/A	CATEGORÍA	DEDIC.	HORAS DOCENCIA ANUAL (max)*	HORAS TITORÍA SEMANAL
PREDOUTORAL XUNTA DE GALICIA	BXUN	TC	60	1,5**
FPU/PREDOUTORAL MINISTERIO	BFPU	TC	60	1,5**
FPI/PREDOUTORAL MINISTERIO	BFPI	TC	60	1,5**
PREDOUTORAL UNIVERSIDADE DE VIGO	BUVI	TC	60	1,5**
PREDOUTORAL CON CARGO A CONVOCATORIA DA UCPI	BUCPI	TC	60	1,5**
POSDOUTORAL XUNTA APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL	PXFP	TC	30	1**
POSDOUTORAL XUNTA MODALIDADE A	PXGA	TC	80	2
POSDOUTORAL XUNTA MODALIDADE B/APOIO PARA COMPLEMENTAR A FORMACIÓN POSDOUTORAL				2
POSDOUTORAL PROXECTOS MINISTERIO XOVES INVESTIGADORES	PXGB	TC	80	2
	PXI3	TC	80	2
POSDOUTORAL CON CARGO A CONVOCATORIA DA UCPI	PUCPI	TC	80	2
POP/Período Orientación Posdoutoral Ministerio (FPI)	POP	TC	60	1,5
PROGRAMA RAMÓN Y CAJAL	IRYC	TC	100	2,5
PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA	IJDC	TC	100	2,5
PROGRAMA BEATRIZ GALINDO	IBG	TC	100	2,5
INVESTIGADOR/A DISTINGUIDO/A LEY DA CIENCIA	IDIST	TC	100	2,5
CONTRATO ACCESO DE PERSOAL INVESTIGADOR DOUTOR	CAPID	TC	100	2,5
PROGRAMA MARÍA ZAMBRANO	IMZ	TC	60	1,5
PROGRAMA MARGARITA SALAS	IMS	TC	100	2,5

*Segundo as condicións que se establezan na convocatoria.


**Poderán realizalas de xeito voluntario




Aprobación, se procede, dunha modificación nas actuacións de pagamento dos complementos de excelencia curricular docente e investigadora.

Aprobación, se procede, dunha modificación nas actuacións de pagamento dos complementos de excelencia curricular docente e investigadora


- Recomendación da Valedoría Universitaria:
 - O 19 de xaneiro de 2023 recíbese a solicitude da Valedoría Universitaria.
 - O 29 de marzo de 2022, remíteselle á vicerreitoría a seguinte recomendación.
 - Remitirille ao profesorado afectado unha comunicación indicándolle o cese do aboamento dos tramos variables ata que se produza unha nova avaliación pola ACSUG, momento no que se recibirían os atrasos correspondentes ao resultado da avaliación para ese período.
 - Solicítase unha resposta sobre as actuacións desenvolvidas para dar cumprimento á anterior recomendación.
 - Proposta: aceptar a recomendación da valedora universitaria.




Aprobación, se procede, das modificacións orzamentarias acordadas na Comisión de planificación e asuntos económicos.



Aprobación, se procede, do Regulamento interno do Departamento de Tradución e Lingüística.



Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2023/2024.



Presentación do informe sobre o progreso e o rendemento académico do estudiantado da Universidade de Vigo.

Artigo 14. Da revisión e do seguimento da presente normativa

- 1. Anualmente, a Comisión de permanencia e de progreso da Universidade de Vigo elaborará un informe sobre o progreso e o rendemento académico do estudiantado que será presentado no Consello de Goberno e que se dará a coñecer aos centros para facilitar as tarefas de orientación e de información cara ao alumnado.*
- 2. O informe anual poderá establecer propostas de adaptación e de revisión da citada normativa. O devandito informe publicarase na páxina web da Universidade de Vigo.*
- 3. A presente normativa será revisada, referendada ou modificada, dependendo do caso, polo Consello de Goberno cada dous anos desde a súa entrada en vigor, e trasladarase ao Consello Social, no caso que proceda.*

Segundo a normativa, non poderá continuar estudos na mesma titulación da Universidade de Vigo:

- 1) O estudiantado de novo ingreso que non supere un número mínimo de ECTS, segundo os artigos 5 e 6 da normativa:

Artigo 5. Da permanencia do estudiantado de grao: deberá superar 12 ECTS se está matriculado a tempo completo ou 6 ECTS se o está a tempo parcial. De non superar eses mínimos, poderá continuar os seus estudos condicionado á superación no seguinte curso académico de 30 ECTS se está matriculado a tempo completo e de 18 ECTS se o está a tempo parcial.

Artigo 6. Da permanencia do estudiantado de mestrado: deberá superar 18 ECTS se está matriculado a tempo completo ou 12 ECTS se o está a tempo parcial.

Segundo a normativa, non poderá continuar estudos na mesma titulación da Universidade de Vigo:

2) O estudiantado de continuación de estudos que esgote as convocatorias dunha materia sen superala, segundo o artigo 9 da normativa:

Artigo 9. Da avaliación e das convocatorias

O estudiantado matriculado nunha titulación oficial de grao disporá de catro convocatorias para superar cada materia.

O estudiantado matriculado nunha titulación oficial de mestrado disporá de dúas convocatorias para superar cada materia.

No caso do incumprimento dos requirimentos desta normativa, o estudantado poderá actuar como indica o artigo 10:

Artigo 10. Da continuidade excepcional nos estudos

Cando a aplicación desta normativa impida continuar os estudos por incumprimento dos requirimentos de progreso e de permanencia, con carácter extraordinario, a Comisión de permanencia e de progreso da Universidade de Vigo poderá autorizar a continuidade nos estudos, por petición da persoa afectada, sempre que se dean causas de forza maior, suficientemente acreditadas, que afectasen o seu rendemento académico.

Solicitudes presentadas:

Titulacións de grao: 43

Non superar ECTS (artigo 5): 43

Titulacións de mestrado: 3

Non superar ECTS (artigo 6): 3

Acordos da comisión:

- Conceder as solicitudes que achegan a documentación xustificativa da situación persoal e familiar:
- Permitir só a matrícula a tempo parcial, e ter que superar 18 ECTS no curso autorizado.
- Denegar as solicitudes sen xustificación, insuficiente ou non que non xustificaban o baixo rendemento.

Resolución da comisión:

	Solicitudes	Aceptadas	Denegadas
Grao	43	13	30
Mestrado	3	3	0

Solicitudes presentadas:

Titulacións de grao: 13

Non superar ECTS (artigo 5): 13

Titulacións de mestrado: 4

Non superar ECTS (artigo 6): 2 - Esgotar as convocatorias (artigo 9): 2

Acordos da comisión:

- Conceder as solicitudes que achegan a documentación xustificativa da situación persoal e familiar:
- Permitir só a matrícula a tempo parcial, e ter que superar 18 ECTS no curso autorizado.
- Denegar as solicitudes sen xustificación, insuficiente ou non que non xustificaban o baixo rendemento.

Resolución da comisión:

	Solicitudes	Aceptadas	Denegadas
Grao	13	5	8
Mestrado	4	4	0

Solicitudes presentadas:

Titulacións de grao: 96 Non superar ECTS (artigo 5): 18 - Esgotar as convocatorias (artigo 9): 78
Titulacións de mestrado: 6 Esgotar as convocatorias (artigo 9): 6

Acordos da comisión:

- Conceder as solicitudes que achegan a documentación xustificativa da situación persoal e familiar.
- Ter que superar 18 ECTS no curso autorizado.
- Denegar as solicitudes sen xustificación, insuficiente ou que non xustificaban o baixo rendemento.
- Denegar as solicitudes do estudantado que incumpríu a superación dos 18 ECTS no curso anterior.

Resolución da comisión:

	Solicitudes	Aceptadas	Denegadas
Grao	96	73	26
Mestrado	6	6	0

Solicitudes presentadas:

Titulacións de grao: 129 Non superar ECTS (artigo 5): 43 - Esgotar as convocatorias (artigo 9): 86
Titulacións de mestrado: 5 Non superar ECTS (artigo 6): 1 - Esgotar as convocatorias (artigo 9): 4



Acordos da comisión:

- Conceder as solicitudes que achegan a documentación xustificativa da situación persoal e familiar.
- Ter que superar 24 ECTS no curso autorizado, entre eles, os da(s) materia(s) esgotada(s).
- Denegar as solicitudes sen xustificación, insuficiente ou que non xustificaban o baixo rendemento.
- Denegar as solicitudes do estudantado que incumpríu a superación dos 18 ECTS no curso anterior.


Resolución da comisión:

	Solicitudes	Aceptadas	Denegadas
Grao	129	90	39
Mestrado	5	5	0

Conclusións




De acordo co artigo 14 da normativa, establecer propostas de adaptación e de revisión desta para que sexa revisada, referendada ou modificada polo Consello de Goberno.




Nomeamento, a proposta do reitor, de representantes na Comisión de calidade da Universidade de Vigo:

- 2 PDI
- 1 PAS
- 1 estudante





Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:

- Investigación: 1 estudante



Elección da seguinte representación no Comité de dirección da Eido:

- 1 PAS
- 1 estudante do ámbito do Campus do Mar



Quenda de intervencións.



Universidade de Vigo